

IX Edición 2022

Regulamento.

Data: Venres, 29 de xullo de 2022.

• REGULAMENTO XERAL

O Concello de Marín organizarán o vindeiro Venres, 29 xullo de 2022 , “+10 MARÍN MANUEL ROSALES, GRAN PREMIO CONCELLO DE MARÍN”.

• HORARIO E LUGAR DE SAÍDA

- A proba absoluta disputarase ás 22.00 horas, e terá a saída no Paseo da Alameda – Concello de Marín (Av. Ourense) e chegada na Alameda de Marín.
- Categorias escolares, comezará as 20:40 coa categoría de Biberóns (0 - 1- 2 anos)
- A proba está incluída no calendario oficial da Federación Galega de Atletismo e estará baixo o control técnico do Comité Galego de Xuíces. O percorrido terá unha distancia de 10 Km totalmente planos, sen desniveis considerables acumulados *e homologado pola Real Federación Española de Atletismo (R.F.E.A.).*



• CATEGORÍAS.

- As categorías biberóns, pitufos, prebenxamín, benxamín e alevín non serán competitivas, recibirán todos unha medalla, camiseta e bolsa do corredor.
- O resto terán premiación para os 3 primeir@s de cada categoría.

CATEGORÍA ESCOLAR:

- **20:40, Carreira biberóns** (100 metros) (0-1-2 cumpridos no ano).
- **20:50, Carreira Pitufos** - 150m aprox. (5-4-3 cumpridos no ano).
- **21:00, Carreira Prebenxamin** - 300m aprox. (7-6 cumpridos no ano).
- **21:10, Benxamín/Sub 10** - 500m aprox. (2013 - 2014).
- **21:20, Carreira Alevín/Sub 12** - 500m aprox. (2011 - 2012).
- **21:30, Carreira Infantil/Sub 14** - 1000m. (2009 - 2010)
- **21:40, Carreira Cadete/sub 16** - 1000m. (2007 - 2008)
- **21:40, Carreira Xuvenil /sub18** – 1000m. (2005-2006)

• CATEGORÍA ABSOLUTA:

22:00, Só carreira adultos, dende Xuvenil/Sub 18 en adiante (2006 e ANT.) Circuito homologado.


- **Sub 20/23:** Nados desde 2000 ata o 2004.
- **Sénior:** 1999 ata Máster.
- **Máster A:** De 35 a 44 anos cumpridos o día da proba.
- **Máster B:** De 45 a 54 anos cumpridos o día da proba.
- **Máster C:** De 55 a 64 anos cumpridos o día da proba.
- **Máster D:** De 65 anos cumpridos o día da proba e anteriores.
- **ABSOLUTA. 3 PRIMEIR@S DA XERAL** (Os premios da xeral e das diferentes categorías serán acumulativos).
- **Premio especial:** 1º e 1ª Marinense, nado no Concello de Marín.

***Na carreira de adultos non haberá premio para a categoría Sub 18.**

***Os Sub 18 que participen na carreira de adultos, non poderán correr a carreira Sub 18.**

• CIRCUÍTO.

- Saída na Alameda (Av. Ourense sentido Pontevedra – Marín – Bueu - ata E. Naval: entrada ata espigón-saída da E. Naval – Gasolinera – Mercado – Policía Nacional e Correos – Gasolineira – “Farola” e Av. Ourense ata Concello – Cantodarea – (Volta por Av. Marqués de Valterra) – Av. Ourense (sentido Pontevedra → Marín) – paso por “saída” na Alameda: 1 volta. Repetir unha 2ª volta e entrada a meta. A Meta está sita na Alameda, pola parte superior: estrada PO-313.



Perfil da proba.



• INSCRICIÓN E PRAZOS

- A proba absoluta ten un custe de 7 € a través de www.emesports.es ata o 24 de xullo ás 23:59h (tarifa reducida). Recollida de dorsais tenda MILER ou o propio día da carreira na Alameda de Marín.
- Dende o 25 de xullo a o 26 de xullo 10€ a través de www.emesports.es. As 22.00 h (peche definitivo). Recollida de dorsais será o mesmo día da carreira na alameda de Marín.
- Menores: A inscrición e GRATUÍTA. A INSCRICIÓN da proba de menores pode realizarse ata o 26 de xullo en www.emesports.es.
- Poderán participar atletas federados e non federados.

CLUBS DO CONCELLO DE MARÍN.

- Habará unha serie de prazas reservadas para os clubs de Marín sempre e cando os corredores estean empadroados no municipio, tendo en vigor a ficha federativa. Ademais habará prazas gratuitas para os empadroados en Marín con licencia en vigor aínda que pertenczan a clubs de fora do municipio.

Aos inscritos pertencentes a clubs de atletismo de Marín será de balde, tendo que facer a inscrición antes do 17 de xullo as 23.59 h, a partir do 18 de xullo estarán sometido a inscrición normal como calquera outro deportista.

Para este servizo poñerse en contacto coa organización a través de:

- Correo electrónico: milerunningclub@gmail.com

Ou por vía telefónica: 986843562.

• RECOLLIDA DE DORSAIS:

Inscricións anteriores a o 24 de xullo.

- Recollida anticipada de dorsais, 'Tenda MILER' rúa Peregrina 6 sótano, Pontevedra, dende o martes, 26 de xullo de 2022 ata o xoves, día 28 de xullo as 20:00.

Ou o venres, 29 de xullo de 2022, de 12:00 a 14:00 horas e de 15:00 ata 1h antes da saída de adultos na Alameda de Marín.

Resto de inscritos:

- O venres, 29 de xullo de 2022, de 12:00 a 14:00 horas e de 15:00 ata 1h antes da saída de adultos.

• SISTEMA DE CRONOMETRAXE

- A cronometraxe realizarase mediante o sistema de chip-dorsal-EMESPORT. Habará puntos de control ao longo do percorrido. As persoas participantes que non cumpran co paso por todos os puntos de control establecidos poderán ser descalificadas.

• **SERVIZOS:**

- Bolsa do corredor.
- Medalla finisher para os corredores que entren na liña de meta.
- Camiseta técnica.
- Avituallamento líquido (durante o percorrido), e avituallamento líquido e sólido o rematarla proba.
- Espectáculo musical durante a carreira.
- Servizo de duchas.
- Fotos, durante e o final da proba.
- Servizo de parking preto da liña de saída.
- Servizo de Gardarroupa.
- Premios os 3ºs/3ªs de cada categoría.
- Os resultados serán expostos en www.emesports.es
- Seguros de accidentes e de responsabilidade civil.
- Servizo de ambulancia medicalizada.
- Servizo de gardería.
- Zumba.
- Cervexa.
- Mexillóns.
- Concerto o finalizar a proba.
-

• **ENTREGA DE PREMIOS.**

- A entrega de premios será ó finalizar a proba (23:45 h. aprox.) na Alameda Marín.
 - Recibirán premio conmemorativo os tres primeiros clasificados masculinos e femininos de cada categoría da carreira de “Adultos” e “cadete - infantil” - “xjuvenil”. Nas carreiras “alevín – benxamín” - “prebenxamin- pitufos e chupete” recibirán un agasallo ao cruzar a liña de meta.
 - Premio especial: 1º e 1ª Marinense, nado no Concello de Marín
- *As persoas corredoras descualificadas non terán opción aos premios.

• **NORMAS XERAIS.**

- A proba está incluída no calendario oficial da Federación Galega de Atletismo e estará baixo o control técnico do Comité Galego de Xuíces.
- A proba estará controlada e sinalizada en todo momento. Os corredores deberán respectar as seguintes indicacións:
 - Todo corredor/a que non entre en liña de meta co dorsal ben visible na zona do PEITO para a súa identificación ou que cometa algunha irregularidade ou non respecte as indicacións dadas pola organización, será automaticamente descualificado/a.
 - Os percorridos estarán indicados, controlados e sinalizados cada quilómetro. O control de chegada pechará 1h15' despois sa saída xeneral da carreira.
 - Os membros da organización resérvanse a facultade de retirar da proba o/a atleta que manfeste un mal estado físico, que non lle facilite á organización a documentación que se lle requira ou os/as corredores/as que non respecten as indicacións da Policía Local, Protección Civil, xurado, servizos médicos ou membros da organización debidamente identificados.
- A organización contará coa colaboración dos organismos municipais competentes, que regularán o tráfico ó longo do percorrido.

• **UTILIZACIÓN DE MEDIOS FÍSICOS NATURAIS**

- As persoas participantes terán que competir cos seus propios medios físicos naturais, sen axudas externas.
- Non está permitido o acompañamento en carreira por parte de ningún vehículo alleo á organización, nin bicicleta, patíns ou persoas non inscritas na carreira que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos ás persoas participantes. Así mesmo non se permite a participación con coches ou cadeiras de nenos, animais, nin correr acompañados destes en ningún momento

• **RESPONSABILIDADE**

- A persoa participante declara, baixo a súa responsabilidade, realizarse o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para realizar a proba, e exime a organización da devandita responsabilidade.
- A organización dispón dun Seguro de Accidentes e Responsabilidade Civil que cubrirá as incidencias inherentes á proba.

• **RECLAMACIÓNS**

- As reclamacións aos resultados oficiais deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro, situado na zona de meta, non máis tarde de 30 minutos despois de publicados os resultados oficiais

- **LOPD**

- Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow 13 15008 A Coruña.

- **COMPROMISO.**

- A inscrición na carreira implica a plena aceptación do presente regulamento.

- **CAMBIOS NO REGULAMENTO**

- A organización resérvase o dereito de realizar algún cambio no presente regulamento se así o considerase, e deberá comunicalo na web e na información ás persoas participantes.

- **CONSIDERACIÓN FINAL.**

Todo o non previsto no presente regulamento resolverase de acordo co regulamento da FGA, RFEA e WA en vigor e por esta orde para probas en ruta.

- **PARA MAIS INFORMACIÓN.**

- Máis información a través do teléfono: 986843562 ou no correo-e: milerunningclub@gmail.com

- **ORGANIZA:**

- Concello de Marín.

- **PATROCINADOR INSTITUCIONAL.**

- Concello de Marín.